



MINISTERIO
DEL INTERIOR



PERMISO INTERNACIONAL DE CONDUCCIÓN

NO CASO DE TRATARSE DUN PERMISO DE CONDUCCIÓN EXPEDIDO NUN PAÍS DA UNIÓN EUROPEA, PREVIAMENTE TERÁ QUE INSCRIBIRSE.

DOCUMENTACIÓN

- 1. Solicitud:** no impreso oficial dispoñible nas xefaturas de Tráfico e na páxina web da DXT (www.dgt.es).
- 2. Taxa IV.5: 10,20 €.**
Formas de pagamento: por internet en www.dgt.es, con tarxeta de crédito ou débito nas xefaturas de Tráfico ou con cargo na conta bancaria (modelo 791 dispoñible nas xefaturas e en www.dgt.es).
- 3. Acreditación de identidade e residencia:**
 - **DNI ou pasaporte:** orixinal en vigor.
 - **Autorización de residencia ou documento de identidade do seu país ou pasaporte xunto co certificado de inscrición no Rexistro Central de Estranxeiros para estranxeiros comunitarios:** orixinal en vigor.
 - **Autorización de residencia** para estranxeiros non comunitarios: orixinal en vigor.
- 4. Fotografía:** unha orixinal de 32 x 26 mm en cor e con fondo liso, claro e uniforme, tomada de fronte coa cabeza descuberta e sen lentes de cristais escuros nin calquera outra peza de roupa que poida impedir ou dificultar a identificación da persoa. Cando se trate de solicitantes que pola súa relixión leven o cabelo cuberto, admitiranse as fotografías con veo. A única limitación para a súa admisión é que o óvalo do rostro apareza totalmente descuberto dende o nacemento do pelo ata o queixo, de forma que non impida ou dificulte a identificación da persoa.
- 5. Fotocopia do permiso de condución nacional en vigor.**

SUPOSTO ESPECIAL

Representación: cando a documentación non sexa presentada pola persoa titular do permiso, a persoa que o representa deberá achegar o seu documento de identificación oficial orixinal e unha autorización da persoa interesada para realizar o trámite onde exprese o seu carácter gratuíto.

A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para isto ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitude do trámite, ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso dispoñible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación da documentación.

(Actualización: 08/06/2017)